


Realiza as seguintes actividades:


1.- a) Mediante o uso do diagrama triangular, determina o tipo de textura do **solo nº 1** con: 25% de area, 30% de limo e 45% de arxila, e do **solo nº 2** con 60% de area, 12 % de arxila, 28 % de limo. b) Cal dos dous solos será máis permeable? Por que?



2.- Dado o seguinte perfil dun solo, contesta: **a.** Coloca o nome de cada horizonte (0, A, B, C) no lugar correspondente; **b.** Que tipo de solo podería ser.

c. Indica que horizonte cumpre cada premisa:


- a) É rico en humus bruto
- b) Está formado pola rocha meteorizada:
- c) E o horizonte de acumulación
- d) Composición mineral
- e) É o horizonte de lavado




Solucións:

1.- a) Para construír os diagramas de textura, márcase a porcentaxe de cada compoñente (area, limo, arcilla) no lado do triángulo correspondente, e dende ese valor trázase unha paralela ao lado oposto do vértice co valor máximo. Na intersección das paralelas veremos o tipo de textura. Así o solo nº1 presenta *textura arxilosa* e o nº 2 *franco areosa*.

b) A permeabilidade é maior en solos arenosos porque presentan poros de maior tamaño que permiten a circulación da auga, polo que será maior no solo nº 2.



2.- Apartados a e c contestados nos recadros. Apartado b: podería ser un **solo pardo**.



0, a),

A, e)

B, c), d)

C, b)